

# Análise resultados Eleccións Sindicais en Galiza a 31/12/2007

**Nº de delegados/as elixidos:** Elixíronse un total de 19.680 delegados/as, o que supón un 12,13% máis que no proceso anterior.

Os resultados electorais neste proceso establece o seguinte reparto de delegados/as, no que respecta ás tres centrais sindicais maioritarias:

	Nº delegados/as	Porcentaxe
<b>CIG</b>	5.623	28,6
<b>CCOO</b>	5.576	28,3
<b>UGT</b>	6.179	31,4


Estes resultados confirman á CIG como **segunda forza sindical en Galiza**, posto que ata este momento ocupaba CCOO que pasa a ser a terceira central en representación.

Este bo resultado electoral da CIG ven reafirmar a crecente confianza dos traballadores e traballadoras galegas no modelo sindical diferente que representa a CIG respecto do sindicalismo español, un sindicalismo galego, reivindicativo, de base, participativo e independente do poder.


O avance do sindicalismo nacionalista queda reflectido na análise da evolución dos resultados electorais nos últimos procesos:

	1999		2003		2007	
	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%
<b>CIG</b>	4.168	25,2	4.594	26,2	5.623	28,6
<b>CCOO</b>	4.769	28,9	5.327	30,4	5.576	28,3
<b>UGT</b>	5.491	33,3	5.590	31,9	6.179	31,4


Apréciase claramente que a CIG incrementa en cada proceso electoral a súa representación, sendo neste último de 1.029 delegados/as o que supón un 2,4% máis que no proceso anterior. UGT confirma a súa tendencia á baixa, perdendo en relación ao proceso anterior un 0.5% de representación. En canto a CCOO perde máis do 2% de representación.




Evolución porcentual da representación sindical nos últimos tres procesos electorais.



Evolución representación centrais sindicais.



Variación en nº delegados/as procesos 2003-2007.



Variación porcentual procesos 2003-2007.

En canto aos datos de distribución comarcal, a **CIG é a primeira forza sindical** nas comarcas de:

- **A Mariña:** 31.5% representación, o que supón un 9% de aumento respecto a 31/12/2003
- **Ferrol:** 34,7% representación, o que supón un 3,6% de aumento respecto a 31/12/2003
- **Vigo:** 36,1% de representación, o que supón un 2,8% de aumento respecto a 31/12/2003.
- **Compostela:** 30,3% de representación, o que supón un 2,2% de aumento respecto a 31/12/2003.

Atendendo a nivel provincial, a **CIG é a primeira forza sindical na provincia de Pontevedra**, co 34,2% de representación e un total de 2.549 delegados/as

En canto aos resultados por federacións, a **CIG é primeira forza sindical** nos sectores de:

- Mar: 36,1 % de representación
- Metal: 36,8% de representación
- Químicas: 32,6% de representación.
- Sanidade: 28,9% de representación.

Dende a CIG valoramos moi positivamente estes resultados nas Eleccións Sindicais, que ademais de situarnos como 2ª forza sindical en Galiza, colócanos nunha moi boa posición para acadar nos próximos catro anos o primeiro posto, superando nese período os 556 delegados/as que nos separan de UGT.